

Praza número: 26/2063

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Asociado/a

Dedicación: Parcial P04

Área de coñecemento: Ciencias dos Materiais e Enxeñaría Metalúrxica

Departamento: Enxeñaría Naval e Industrial

Docencia: 632G01003 Física

632G01009 Ampliación de Física

632G02014 Mecánica

Centro: Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol

Unha vez que se viu a proposta formulada pola Comisión encargada de xulgar o concurso de estabilización do profesorado asociado para a provisión da praza enriba indicada de data 28 de abril de 2026.

Unha vez que se viu o acordo adoptado pola Comisión de Reclamacións na súa reunión do 21 de maio de 2026, no que ratifica a proposta da Comisión de Selección.

Esta Reitoría, no uso das facultades que lle confire o art. 126 dos Estatutos da Universidade da Coruña, que se aprobaron por Decreto 94/2025, do 6 de outubro (DOG do 27 de outubro), e en aplicación do disposto no apartado 11 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador, que se aproba por acordo do Consello de Goberno do 7 de novembro de 2024, **resolve declarar concluído o procedemento e deserta a praza.**

Contra a presente resolución que esgota a vía administrativa, cabe interpoñer recurso ante a sección social do tribunal da instancia da Coruña de conformidade co establecido no artigo 2.n) da Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da Xurisdición Social (BOE núm. 245 do 11.10.2011). Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

A Coruña, na data da sinatura electrónica

A vicerreitora de Profesorado por delegación do reitor

(RR 10/07/2024)

María Teresa López Fernández



Teresa López Fernández, vicerreitora de Profesorado e presidenta da Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral,

FAGO CONSTAR:

Que a Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral reunida o 21 de maio de 2026, tomou o seguinte acordo en relación coa reclamación presentada na praza que se relaciona a continuación,

Praza: 26/2063

Categoría: Profesor/a Asociado/a

Dedicación: Parcial P04

Área de coñecemento: Ciencias dos Materiais e Enxeñaría Metalúrxica

Departamento: Enxeñaría Naval e Industrial

Docencia: 632G01003 Física; 632G01009 Ampliación de Física 632G02014 Mecánica

Centro: Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol

Tras analizar a documentación da praza 26/2063, a reclamación presentada por D^a Leticia Valladares López e o informe da Comisión de selección, a Comisión de reclamacións, na súa reunión de 21 de maio de 2026, acorda:

- desestimar as alegacións realizadas pola reclamante e ratificar a proposta da Comisión de selección
- facer público este acordo

A Coruña, asinado dixitalmente

A vicerreitora de Profesorado

Teresa López Fernández